



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 16 DE

XANEIRO DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día dezaseis de xaneiro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Asiste dona Verónica Maria Otero López, técnica de xestión de administración xeral, por delegación da secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 9 de xaneiro de 2012.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 9 de xaneiro de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia.

- Orde do 12 de xaneiro de 2012, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración Xeral e no sector público autonómico de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 10, de data 16 de xaneiro de 2012).

- Orde do 23 de decembro de 2011, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestruturas de uso público en ámbitos urbanos e rurais, por parte dos concellos de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 4, de data 5 de xaneiro de 2012).

- Fax remitido polo subdelegado do Goberno na Coruña, rexistrado de entrada con data do día 9 de xaneiro de 2012 co número 34, no que comunica a celebración dunha concentración para o día 15 de xaneiro de 2012 na praza da Igrexa de Cambre.

- Anuncio do Concello de Cambre, de convocatoria dunha praza vacante de coordinador/a de actividades culturais e educativas da oferta de emprego público de 1999. (Diario Oficial de Galicia número 6, de data do día 10 de xaneiro de 2012).
- Orde do 30 de decembro de 2011, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2012. (Diario Oficial de Galicia número 6, de data 10 de xaneiro de 2012).
- Resolución do 4 de xaneiro de 2012, da Secretaría Xeral da Igualdade, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se convocan para o ano 2012 as axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE). (Diario Oficial de Galicia número 7, de data do día 11 de xaneiro de 2012).
- Orde do 30 de decembro de 2011, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego. (Diario Oficial de Galicia número 7, de data do día 11 de xaneiro de 2012).
- Bases reguladoras do programa provincial de cooperación cos concellos da provincia da Coruña para a creación ou mantemento dos servizos lingüísticos, anualidade de 2012. (Boletín Oficial da Provincia número 7, de data do día 11 de xaneiro de 2012).
- Orde do 30 de decembro de 2011, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de voluntarios de protección civil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012. (Diario Oficial de Galicia número 8, de data do día 12 de xaneiro de 2012).
- Orde do 4 de xaneiro de 2012, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se modifica a Orde do 3 de marzo de 2011, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2011. (Diario Oficial de Galicia número 9, de data 13 de xaneiro de 2012).
- Lei 10/2011, de 28 de novembro, de acción voluntaria. (Boletín Oficial do Estado número 12, de data do día 14 de xaneiro de 2012).
- Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. (Boletín Oficial do Estado número 12, de data do día 14 de xaneiro de 2012).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

O señor concelleiro don Fernando Caride Suárez informa da concesión da prórroga da subvención do PAC destinada á subsanación das deficiencias da piscina de "O Balado" ata finais de 2.012. O importe da subvención ascende a 30.000 euros.

E engade o señor concelleiro que se ten previsto un programa de mantemento de todas as piscinas municipais, con especial atención ás descubertas.

Informa tamén o señor concelleiro que a celebración da "Cambre Red" terá lugar o 9, 10 e 11 de marzo, estando xa aberto o prazo de inscrición.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

A señora concelleira dona Marta María Vázquez Golpe informa que xa está lista para entrar en funcionamento a páxina web de promoción empresarial do municipio de Cambre. Para isto poñeranse en contacto coas empresas co fin de que comuniquen toda a información que desexen lles sexa publicada. O lema será: "ti fas Cambre".

Ante as recentes manifestacións publicadas na prensa relativas á redución das partidas dedicadas a emprego nun 18%, a señora concelleira sinala que lonxe de reducirse, triplicase o orzamento de axudas para o emprego.

Engade a señora concelleira que a redución do 18% se debe a que se renuncia á subvención que se concedía para a contratación dun funcionario nesta área. A renuncia a esta subvención ven motivada pola indemnización que o Concello tivo que aboar á persoa que ocupaba este posto dado que se lle encomendaron tarefas que non lle corerspondían e gañou o contencioso que interpuxera cando cesou.

Non obstante, hai unha funcionaria da área de intervención dedicada exclusivamente a tarefas da área de emprego, co que a redución do 18% tampouco é real.

A señora concelleira remata a súa intervención reiterando que non se reducen as partidas destinadas a axudas para o emprego, que se triplican; a redución é debida a que se prescinde dun funcionario e aínda así o número de persoal dedicado a esta área mantense.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

A señora concelleira dona Rocío Vila Díaz informa que xa dispoñen das copias do PXOM e que serán remitidas á Consellería de Medio Ambiente.

Tamén informa a señora concelleira que, a raíz da pregunta formulada polo grupo municipal Esquerda Unida en relación á Unidade de Execución da Tapia, detectáronse varias Unidades de Execución cuxa obra urbanizadora aínda non está rematada, polo que se iniciarán os trámites para finalizar as obras ou executar os avais.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

O señor concelleiro don Manuel Marante Gómez informa que o pasado luns se iniciou o apagón nas tres zonas urbanas e que a medida, en xeral, tivo boa acollida entre os cidadáns pois sempre hai claridade.

Engade o señor concelleiro que a finais deste mes comezará a implantarse a medida no rural e tentará unificarse o apagón co Concello de Culleredo nas zonas limítrofes (O Temple e O Burgo).

Remata a súa intervención sinalando que a estimación do aforro enerxético farase a finais de ano pois nos meses de verán será notablemente superior. Calcúlase que pode rondar o 30% ou 40% do gasto total que agora ascende a uns 900.000 euros.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

O señor concelleiro don Santiago Ríos Rama informa que dende a área de cultura se está a traballar na programación do entroido, intentando axustar a celebración deste acto ao orzamento programado, que se reduce á metade.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

A señora concelleira dona María Jesús González Roel informa que xa estamos adheridos ao contrato de lacería do Consorcio das Mariñas.

Tamén informa a señora concelleira que a principios do mes de febreiro se celebrará a “Mesa de Coordinación Interinstitucional de Prevención da Violencia de Xénero”.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O señor concellerio don Felipe Andreu Barallobre informa que entre esta semana e a vindeira terá lugar o traslado dos departamentos de cultura e deportes para a Barcala e sinala que sería conveniente sinalizar as oficinas e outras dependencias de interese público, tales como os locais de asociacións...

Neste punto, o señor concelleiro delegado da área de obras e servizos, don Manuel Marante Gómez, responde que está á espera dun proxecto de sinalización que xa encargou e, co fin de obter unha actuación coordinada, encomenda a cada concelleiro que remitan as zonas que, queren, sexan sinalizadas.

A continuación, don Felipe Andreu Barallobre informa que, logo do traslado de cultura e deportes, trasladarase toda a área de Urbanismo para eses departamentos.

Con respecto ao organigrama, sinala que se están a perfilar algúns aspectos e que logo será remitido novamente aos sindicatos.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e vinte minutos, do que eu, secretaria por delegación, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad



A secretaria, por delegación

Verónica María Otero López

C.I.F. P-1501700-G